

Os gastos operativos reducíronse en 161,8 millóns de € contribuíndo decisivamente á mellora do resultado empresarial

EROSKI MULTIPLICA POR 6,5 O RESULTADO OPERATIVO DO NEGOCIO

- **A xeración de EBITDA foi de 269 millóns de €, lixeiramente superior ao obtido no exercicio anterior**
- **A facturación aínda se ve afectada polo impacto da desfavorable conxuntura económica e pola debilidade do consumo, rexistrando un contido descenso con respecto ao 2012**
- **Os resultados negativos do exercicio reducíronse un 15,7%, aínda mesmo facéndose un forte exercicio de saneamento de balance**
- **Durante o 2013 EROSKI amortizou débeda por valor de 71 millóns de €**

Elorrio, 15 de maio do 2014.- Grupo EROSKI pechou as súas contas, a 31 de xaneiro do 2014, cun beneficio operativo de 41,4 millóns de €, multiplicando por máis de seis veces os 6,3 millóns do exercicio anterior, o que supón un fortalecemento da súa actividade comercial ordinaria.

A mellora da eficiencia interna dos procesos permitiu tamén incrementar lixeiramente o EBITDA durante o exercicio 2013, ata os 269 millóns de €, froito da redución dos gastos operativos en 161,8 millóns de €, case o triplo ca o ano anterior.

A facturación seguiu a se ver afectada pola desfavorable conxuntura económica e pola debilidade do consumo, cun descenso do 4,39% con respecto ao exercicio anterior, alcanzando os 6.698 millóns de €. Os plans de actuación postos en marcha pola compañía permitiron que a tendencia de vendas mellorara na segunda parte do ano 3,99 puntos porcentuais con respecto ao primeiro semestre.

A importante mellora do resultado operativo e o aumento do Ebitda amosan a solidez da actividade comercial da compañía. Froito diso, Grupo EROSKI reduciu as súas perdas en 19 millóns de € durante o 2013, obtendo un saldo negativo de 102 millóns de €, un 15,7% menos ca o exercicio anterior. Esta mellora do resultado produciuse mesmo aínda incrementándose os gastos financeiros en 14 millóns de €

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 609 386 514

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

EDURNE IZQUIERDO
ARTURO ZUBIAGA

Tel: 944 158 642

e logo dun axuste de prezos que lle transferiu ao consumidor un aforro de 79 millóns de €.

Durante o 2013, EROSKI amortizou a súa débeda en 71 millóns de € e actualmente está negociando a súa reestruturación coas entidades financeiras co obxectivo compartido de establecer un marco financeiro máis sostible para os vindeiros anos. A amortización de débeda dos últimos cinco anos ascende a 1.255 millóns de €.

Pola súa banda, a sociedade EROSKI S. Coop. obtivo un Beneficio Operativo antes de deterioracións (sen provisións) positivo de 94,8 millóns de €, en consonancia con anos anteriores. Froito das fortes provisións, que alcanzaron os 263 millóns de €, seguindo un sólido criterio de prudencia que sanea notablemente o seu balance, a cooperativa contabilizou un resultado negativo de 168 millóns de €. A cooperativa conclúe o 2013 cuns fondos propios de 1.219 millóns de €.

Pola súa parte, CAPRABO pechou o exercicio 2013 cunha mellora do seu resultado operativo do 66% ata alcanzar os 17,6 millóns de €, cunha facturación de 1.364 millóns e 17 novos supermercados. Por outro lado, VEGALSA alcanzou os 264 establecementos no 2013, logo de asumir a xestión comercial dos supermercados do Grupo en León, Asturias, Zamora e Palencia, alcanzando unha facturación de 939 millóns de €.

Un aspecto salientable do 2013 foi a redución dos gastos operativos en máis dun 9,76%, o que representa 161,8 millóns de € de aforro no exercicio. Esta mellora na eficiencia dos procesos internos tivo a súa orixe fundamentalmente nunha notable redución dos gastos de transporte, arrendamentos e gastos de persoal, onde cómpre salientar a implicación de todo o colectivo de traballadores.

Neste capítulo de redución de gastos operativos, destacan os importantes avances na automatización de boa parte dos seus procesos loxísticos. Durante o 2013 inaugurouse a nova plataforma automatizada de frescos en Zaragoza, á que se suma a recentemente inaugurada en Palma de Mallorca e mais a automatización en curso da de Elorrio (Biscaia), que está previsto inaugurar tamén este ano. Estes investimentos seguirán a mellorar substancialmente a eficiencia da organización na cadea de subministración e a competitividade da súa oferta de alimentos frescos ao reducir o tempo entre a recolección do produto fresco e a súa dispoñibilidade nas tendas.

Os inversores de Achegas Financeiras Subordinadas (AFS) recibiron uns xuros de 22,4 millóns de €, correspondentes aos xuros xerados durante o exercicio 2013, cunha retribución do 3,619% (Euríbor + 3%) para as emisións do 2002 e do 2004, e do 3,119% (Euríbor + 2,5%) para a emisión do 2007, calculado sempre sobre o

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 609 386 514

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA**CONSEJEROS DEL NORTE**

EDURNE IZQUIERDO
ARTURO ZUBIAGA

Tel: 944 158 642



valor nominal dos títulos emitidos. O compromiso de retribución anual de xuros non está condicionado á obtención de beneficios por parte da cooperativa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 609 386 514

www.eroski.es > [Notas de prensa](#)
www.consumer.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

EDURNE IZQUIERDO
ARTURO ZUBIAGA

Tel: 944 158 642
